

## Ábrese a licitación para a adxudicación de explotacións temporais para venda nas praias de Nigrán.

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Mércores, 27 Abril 2011 00:31

---



O Concello de Nigrán abre dende hoxe a licitación para a adxudicación de explotacións temporais para a venda de alimentos , prensa, servizos de cadeiras, piraguas, etc nas praias do municipio da cara a tempada de verán 2011. A mesma estenderase dende o 1º de xuño ao 30 de setembro de 2011. As ofertas deberán presentarse no Rexistro do Concello dentro dos próximos 15 días. Os interesados poderán acadar máis información na Oficina municipal de Información ou na [páxina web do Concello](#) (Perfil do Contratante).